

## Bases do concurso *MEISTERKUCH /MASTERCHEF*



**1. Participación:** Poden participar e enviar os seus vídeos ou videopresentacións en alemán ou inglés todos os alumn@s da EOI Vilagarcía do curso 2014-15.

**2. Modo de envío:** Os traballos enviaranse até o 13 de maio inclusive (en alemán á dirección de correo electrónico: [aleman.eoivga@gmail.com](mailto:aleman.eoivga@gmail.com) e en inglés á dirección de correo electrónico: [ingles.eoivga@gmail.com](mailto:ingles.eoivga@gmail.com) ) Neste correo electrónico o autor ou autores indicarán o seu nome e apelidos completos e curso/-s e idioma/-s no que está matriculado na EOI de Vilagarcía.

**3. Características dos traballos a presentar:**

- Formatos admitidos: vídeo ou videopresentación explicando a elaboración dunha receita de cociña en alemán ou inglés.
- Duración máxima 10 minutos.
- Deben ser inéditos e orixinais.
- Cada autor pode presentar tantos traballos como crea conveniente, e cada un debe presentarse por separado.
- No se aceptarán vídeos con imaxes que sexan violentas, denigrantes, vexatorias ou insultantes, ou que por calquera motivo non inherente á narración, poida ser de mal gusto.
- O **autor o autores son os únicos responsábeis** do vídeo/videopresentación e de todo no que nel se inclúa. Tanto a EOI de Vilagarcía como os colaboradores declinan toda responsabilidade legal sobre o seu contido.

*Todos os vídeos / videopresentacións expoñeranse no canal de youtube correspondente dos departamentos de alemán e inglés da EOI de Vilagarcía para que poidan ser coñecidos e valorados pola comunidade escolar. Adicionalmente, os departamentos organizadores poderán facer propaganda (total ou parcialmente) dos traballos recibidos en calquera medio de comunicación / rede social que crean conveniente.*

*O anterior implica a cesión dos dereitos do vídeo durante o período do concurso. En ningún caso, dita difusión se fará con fins comerciais.*

**4. Criterios de valoración:** Valorarase a explicación da elaboración da receita, a orixinalidade e creatividade do vídeo ou videopresentación. A votación dos vídeos realizarase online.

**5. Gañadores do concurso:** Outorgaranse 3 premios en cada un dos idiomas participantes. O 18 de maio a partir das 18.30 realizarase o visionamento dos vídeos/videopresentacións finalistas en cada un dos idiomas. Posteriormente farase a entrega de premios a partir das 19.30 dese mesmo día, seguido dun acto conxunto posterior con explicación en vivo e en directo dunha receita típica de cada idioma por parte dun "cociñeir@" invitad@, con posibilidade de degustación. Para este acto de Meisterkoch – Masterchef invítase a todos os participantes a presentar o seu prato xa elaborado para compartir na degustación.

**A data límite para enviar os traballos é o 13 de maio**